

OUTUBRO 2018

NENAS / NENOS / ACTIVIDADES / EN GALEGO



Luns

Martes

Mércores

Xoves

Venres

Sábado

Domingo

1	2	3	4	5	6	7
					Tic, Tac, Toc	
8	9	10	11	12	13	14
					For+ Alforria	
15	16	17	18	19	20	21
	Elefantes que contan contos Cantamos?		As xeneralas do Ulla Deseño de bolsas para lectoras/es	Réquiem por un monicreque Xeografía do imaxinario	As aventuras de Gale	
22	23	24	25	26	27	28
		Minia convidate a xogar	Bibliodisoteca	Atrapados con Alicia	Música dos contos	The piccote Theatre Zapatos Vacacións no mar
29	30	31	<hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/>			
	Contos outonais					



Tic, Tac, Toc. Canta comigo

Pablo Díaz

Sábado 6 ás 18 h CC de Santa Marta

Pablo Díaz achéganos os seu coñecidos temas que fomentan o cariño á lectura e aos libros, á ilustración, á ecoloxía, á paz, o respecto á diversidade e ás emocións, a importancia das tradicións etc.

De 4 a 11 anos

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

Ler Conta Moito

Deseño de bolsas para lectoras/es

O Faiado de Nin

Xoves 18 ás 18.30 h CC de Vite

Personaliza a túa bolsa con deseños relacionados co mundo dos libros e da lectura. Feltros, retallos, cintas, abelorios... e un sinfín de ideas e modelos. As bolsas xa as achega a monitora, ti só tes que darlle renda solta á túa imaxinación.

+ 6 anos

Inscrición no teléfono 981 542 490 desde o 9 ata cubrir as prazas.

Ler Conta Moito

Xeografía do imaxinario

Sole Felloza

Venres 19 ás 19.15 h CC de Conxo

Narración de contos apoiados na mitoloxía galega: trasnos, mouras...

De 3 a 12 anos

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

Ler Conta Moito

As aventuras de Gale

A Xanela do Maxín

Sábado 20 ás 18.30 h CC do Castiñeiríño

Gale conducirá as nenas e nenos a través da súa historia para que lle axuden a repartir ese gran tesouro que protexe con tanto con mimo: palabras, expresións, dicires e unha maneira única de ser e de descubrir o mundo.

Desde 7-8 anos

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

Rede Cultural da Deputación

Minia convídate a xogar

Babaluva

Mércores 24 ás 17 e ás 18 h (2 sesións)

CC do Ensanche

Espectáculo especialmente recomendado para desenvolver a creatividade e a comunicación cos obxectos que nos rodean.

Minia é unha rapariga que agarda que os seus pais rematen de traballar na oficina. Minia decide aproveitar o tempo xogando coas caixas de cartón que se amorean no espazo e que vai transformando en distintos ambientes imaxinados xogos, aventuras e personaxes.

1 a 6 anos. Inscrición do 10 ao 18 de outubro no dlg@santiagodecompostela.gal. 25 prazas por sesión.

Bibliodisoteca

María Faltri e Jorge Juncal (Papi e Mami)

Xoves 25 ás 18.30 h CC de Vite

Unha festa para divertirnos en galego. Cantar, bailar e rir escoitando os mellores temas feitos en Galicia para os máis pequenos da casa. Unha bibliodisoteca itinerante onde os protagonistas son os convidados que veñen pasalo moi ben.

+ 3 anos

Entrada libre ata completar a capacidade da sala

Rede Cultural da Deputación

Galicreques

Máis información e entradas en: www.titerescachirulo.com/galicreques

For+ (sen texto)

Xarop Teatre

Sábado 13 ás 18 h Fundación SGAE

Pupi é un neno pequeno que se mergulla nos seus soños e nos leva con el ao mundo do xogo, dos seus garabatos que danzan e cantan ao ritmo da alegría e da cor.

Cando Pupi abre os ollos, algo no noso interior cambiou, porque el somos todos!
+ 9 meses

Alforria (texto en portugués)

Boca de Cao

Sábado 13 ás 18 h e domingo 14 ás 14 h Praza do Toural

Alforria é un espectáculo en viaxe, onde o público poderá sorprenderse coa decisión de buscar unha vida máis feliz. Xica e Tiberio, traballadores incansables, vivían escravizados pero, nos ollos de Silvestre, o simpático xabarincán, descubriron que a amizade e a coraxe son as guías do corazón.
Todos os públicos

Elefantes que contan contos

Títeres Brincadeira

Martes 16 ás 10.30 h Fundación SGAE

Aínda que se teñan orellas de trapo, pódense escoitar moitas cousas ao noso redor. Imos coñecer o mundo a través da nosa contorna inmediata, dos nosos amigos dos contos. E eles vanos axudar a achegarnos aos demais e a coñecernos mellor a nós mesmos.
+ 4 anos

Cantamos?

Luís Vallecillo

Martes 16 ás 11 e ás 18.30 h

CC de Santa Marta

A Rosi encántanlle a música e os contos.

Un día, nun concerto, descobre algo xenial: que os contos tamén se poden cantar!

Luis Vallecillo, desta maneira, ábrele as portas a un novo mundo de fantasía e diversión, ademais de convidarnos a formar parte do seu coro.
+ 3 anos

As xeneralas do Ulla

Títeres Cachirulo

Xoves 18 ás 18.30 h Praza do Toural

Dúas xeneralas e dúas correos percorren as rúas dacabalo dando vivas e facendo os seus atranques.

Todos os públicos

Réquiem por un monicreque

Os Monicreques de Kukas

Venres 19 ás 11.30 e ás 20.30 h

Teatro Principal

A un teatro á italiana vai chegando o público, que toma asento nos seus palcos. Sona o timbre e comeza o V acto da ópera "Romeo e Xulieta" de Gounod. Ao remate, unha voz radiofónica anuncia que se representará un crime que sucedeu na Scala de Milán nunha función desta ópera. A partir deste momento, todo un xogo de intrigas, vaidades e diferenza de clases.
+ 10 anos

dentro os zapatos que xa non teñen dono.

De 1 a 4 anos

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

12 Doces de Outono

Vacacións no mar

Mircromina

Domingo 28 ás 18 h CC de Amio

Espectáculo de monicreque es. A Mariña encantaríalle viaxar polo mundo adiante. Un día Moncho chega a porto no seu veleiro "Ovos con patacas", pero nun descoído o pirata Ollo Virollo toma prestada a nave e bótase ao mar.

+ 4 anos

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

12 Doces de Outono

Contos outonais

Celtia Figueiras

Martes 30 ás 17.30 h CC do Ensanche

Os contos de estacións sérvennos para comprender o ciclo da natureza e sentir as estacións na súa plenitude. Con eles podemos percibir cada pequeno cambio, seguir as súas etapas e poñer en valor a sabedoría da natureza, que debemos coidar e respectar.

Nesta ocasión, cos contos outonais escoitaremos as follas ao caer, falaremos do magosto e dos segredos do Samaín. Tamén veremos esquiós, trasgos e outros seres máxicos que nos deleitarán coas súas historias.

+ 2 anos. Inscrición no dlg@santiagodecompostela.gal do 19 ao 25 de outubro (50 prazas)

O OUTONO TEN DONO?

Ten! E chámase Sarela!

Cando o chan comeza a inzarse de follas de cores e o frío aínda entra amodiño nas nosas mañás, é o momento perfecto para poñer as botas e saír dar un paseo pola beira deste río.

Entre a choiva de follas habemos atopar fontes, pontes, lavadoiros, muíños e ata os restos das fábricas de coiro que se asentaron aquí hai máis de 200 anos!

A rapazada ha gustar de observar a

follaxe do chan e tratar de recoñecer a que árbore pertenceu.

Seguro que esta pequena guía vos ha ser de axuda.

+Info: parquefluvialdesantiago.org



Salgueiro



Carballo



Freixo



Sabugueiro



Castiñeiro



Ameneiro